

MANIFESTO das traballadoras e traballadores de PREESCOLAR NA CASA

- Somos orientadoras, somos orientadores que traballamos en PREESCOLAR na CASA, un programa de educación con máis de 30 anos de historia tentando crear unha cultura da infancia.
- PREESCOLAR NA CASA atende a máis de 4.000 familias. Está na maioría dos concellos Galegos. Defende a importancia educativa dos primeiros anos. Salienta o papel imprescindible de pais e nais na educación dos máis pequenos. E aposta polo valor da cultura e da lingua galega.
- Os profesionais de PREESCOLAR NA CASA achegámonos aos pobos, barrios e casas. Compartimos, apoiamos e orientamos ás familias sobre as dúbidas, erros e acertos na educación dos fillos.
- Ensinamos xogos e cancións, recursos da vida cotiá que nos permiten acompañar na crianza dos fillos, ao tempo que educamos e contribuímos á súa formación.
- Xuntos, familias, nenos e profesionais falamos sobre igualdade e coeducación, sobre normas e límites, hábitos e valores. Son os piares que sustentan as vidas dos fillos, da familia e da sociedade.
- Tantos esforzos, tanta formación especializada, tantos cartos públicos investidos nestes trinta e catro anos poden quedar en nada se se retira o apoio a PREESCOLAR NA CASA.
- Aos políticos que falan coa boca grande da importancia das familias...aos partidos que reclaman maior implicación dos pais e das nais **na educación das súas fillas e fillos...** á Xunta de Galicia que di defender ás familias e que nos reclama tantísima responsabilidade dicímoslle: **¡¡¡NON SE PODE ABANDONAR UN PROGRAMA EDUCATIVO DE TANTO PRESTIXIO E PROXECCIÓN INTERNACIONAL!!!** PREESCOLAR NA CASA é un proxecto 100% galego que se está a exportar fóra de Galicia.
- A todos os que nos gobernan porque así o decidimos nós, dicímoslles: **NON CONDENEN A UNHA MORTE LENTA A PREESCOLAR NA CASA!**

Somos orientadoras e orientadores. Somos profesionais de PREESCOLAR NA CASA. Non calamos nin nos conformamos. Estamos aquí e queremos seguir axudando a crear na sociedade unha cultura da infancia.

Queremos acompañar aos pais e ás nais na fermosa e complicada tarefa de educar aos fillos.

Queremos demostrar a Administración que cada euro investido nos Espazos Educativos de Preescolar na Casa constrúe un futuro mellor para as familias, para os nenos e as nenas, para a nosa lingua, para **GALICIA**.